



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA: **LINGUA CASTELÁ**

CURSO: **3º PRIMARIA**

ANO ACADÉMICO: **2020/2021**

ÍNDICE

CONTEXTO	p. 3
ALUMNADO	p. 4
OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	p. 4
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	p. 5
METODOLOXÍA PRESENCIAL	p. 8
METODOLOXÍA NON PRESENCIAL	p.10
AVALIACIÓN	p.10
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	p.12
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	p. 22
AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	p. 24
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	p. 25
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	p. 25
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	p. 27
CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO	P. 27

1. CONTEXTO

- CENTRO:

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Titoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- ALUMNADO

O nivel de terceiro de primaria está formado por un total de 47 discentes, coa incorporación de dúas alumnas novas.

Poboación inmigrante: NON

Alumnado con NEAE no curso actual: 6

Outras características: Os grupos foron mesturados no paso de segundo á terceiro de primaria.

- OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Segundo a adaptación feita no terceiro trimestre do curso anterior, o alumnado non ten ningún estándar imprescindible pendente de traballar e avaliar. Durante o mes de setembro do presente curso, realizouse todos os días repaso e reforzo dos contidos do curso anterior para poder comezar no mes de outubro co currículo propio de terceiro de primaria.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

2.2 1ª, 2ª E 3ª AVALIACIÓN

A continuación se recollen os contidos que se traballarán ao longo de todo o curso, segundo se recollen no Decreto 105/2014. Dado o carácter global dos contidos, en todas as unidades traballarase de forma conxunta contidos de todos os bloques.

UD TEMA PROXECTO	CONTIDOS	Material de referencia	Temporalización	
			Mes	Número de sesións
	BLOQUE *			
DURANTE TODAS AS UNIDADES	<p>B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.</p> <p>B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.</p> <p>B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso cunha secuencia lineal sinxela.</p> <p>B1.4. Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.</p> <p>B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (producción didáctica, gravacións, medios de comunicación).</p> <p>B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (producción didáctica, gravacións, medios de comunicación).</p> <p>B1.6. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.</p> <p>B1.7. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias.</p> <p>B1.8. Producción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía.</p> <p>B1.9. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar.</p>	<p>LIBRO DE TEXTO, TEXTOS E MATERIAL REALIZADO FACILITADOS POLAS TITORAS E RECURSOS MULTIMEDIA</p>	TODO O CURSO	

<p style="text-align: center;">DURANTE TODAS AS UNIDADES</p>	<p>B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta, de distintos tipos de texto próximos á súa experiencia.</p> <p>B2.2. Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, segundo a súa tipoloxía e valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta.</p> <p>B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario.</p> <p>B2.4. Gusto pola lectura.</p> <p>B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal.</p> <p>B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.</p> <p>B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.</p> <p>B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal.</p> <p>B2.9. Identificación da finalidade das mensaxes transmitidos polo texto.</p> <p>B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.</p>	<p>LIBRO DE TEXTO, TEXTOS E MATERIAL REALIZADO FACILITADOS POLAS TITORAS E RECURSOS MULTIMEDIA</p>	<p>TODO O CURSO</p>	
<p style="text-align: center;">DURANTE TODAS AS UNIDADES</p>	<p>B3.1. Producción de textos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.</p> <p>B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica.</p> <p>B3.3. Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.</p> <p>B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</p> <p>B3.5. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...). Textualización en frases elementais con secuencia lineal.</p> <p>B3.6. Revisión e mellora do texto.</p> <p>B3.7. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic.</p> <p>B3.8. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p> <p>B3.9. Creación de textos utilizando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de xeito guiado.</p> <p>B3.10. Produción de textos segundo Plan de escritura do centro.</p>	<p>LIBRO DE TEXTO, TEXTOS E MATERIAL REALIZADO FACILITADOS POLAS TITORAS E RECURSOS MULTIMEDIA</p>	<p>TODO O CURSO</p>	

DURANTE TODAS AS UNIDADES	<p>B4.1. A palabra.</p> <p>B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.</p> <p>B4.3. Tempos verbais: presente, pasado e futuro.</p> <p>B4.4. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.</p> <p>B4.5. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.</p> <p>B4.6. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos.</p> <p>B4.7. Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado.</p> <p>B4.8. Clases de nomes: comúns e propios.</p> <p>B4.9. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal.</p> <p>B4.10. Utilización do material multimedia educativo ao seu alcance e propio da súa idade.</p> <p>B4.11. Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma.</p> <p>B4.12. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p>	LIBRO DE TEXTO, TEXTOS E MATERIAL REALIZADO FACILITADOS POLAS TITORAS E RECURSOS MULTIMEDIA	TODO O CURSO	
DURANTE TODAS AS UNIDADES	<p>B5.1. Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal.</p> <p>B5.2. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.</p> <p>B5.3. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais. Identificación de recursos literarios moi básicos.</p> <p>B5.4. Valoración de recursos literarios.</p> <p>B5.5. Creación de textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.</p> <p>B5.6. Comprensión, memorización e recitado de textos literarios co ritmo, entoación e dicción adecuados.</p> <p>B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.</p> <p>B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.</p>	LIBRO DE TEXTO, TEXTOS E MATERIAL REALIZADO FACILITADOS POLAS TITORAS E RECURSOS MULTIMEDIA	TODO O CURSO	

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- Aspectos xerais:

Metodoloxía activa e participativa. Presentación das unidades a través da audición e lectura en voz alta de textos de diferente procedencia (libro de texto, textos periodísticos

de natureza oral/escrita, fragmentos literarios...). Comprensión lectora, reflexión sobre o contido e expresión oral sobre os textos.

Resolución das actividades propostas en gran grupo ou individualmente. O desenvolvemento de actividades en pequeno grupo queda supeditada á evolución durante o curso da pandemia.

- Estratexias metodolóxicas

- ✓ Activación de coñecementos previos e presentación dos contidos da unidade a través da exposición da mestra e de recursos multimedia, sempre que sexa posible.
- ✓ Proposta de actividades para automatizar os procesos.
- ✓ Utilización ao longo do curso de textos e actividades realizado polas mestras que favoreza o pensamento crítico e a creatividade. Utilización de recursos multimedia.
- ✓ Potenciación do uso das tics na área a través de propostas de actividades en rede.

- Exemplo de secuenciación de traballo na aula
 - ✓ Presentación da unidade.
 - ✓ escoita e/ou lectura de textos e comprensión/reflexión sobre o seu contido.
 - ✓ Exposición dos contidos de cada apartado e automatización dos contidos/procesos a través da proposta de actividades.
 - ✓ Participación do alumnado na corrección e reflexión das actividades propostas.
 - ✓ Revisión e reforzo dos procesos que non estean adquiridos de xeito individual e/ou colectivo.
 - ✓ Proposta de creación textual e posta en común na aula.
 - ✓ Avaliación da unidade

- Outras decisións metodolóxicas: as que xurdan no desenvolvemento da programación.

4.

- Agrupamentos: namentres permaneza a situación de pandemia, disposición individual na aula á máxima distancia que permite as súas dimensións.
- Tempos: a duración de cada unidade estenderase aproximadamente ao longo de dúas semanas, excepto aquelas que precisan de maior automatización.
- Espazos: aula, espazos comúns do centro, en especial, a biblioteca e a aula de informática.

5. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- Plataforma de ensino: aula virtual.
- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia: Webex, sempre que a dotación informática persoal do docente o permita.
- Plataforma/medio de comunicación coas familias: Abalar Móbil, de ser necesario, correo electrónico.
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade: planificación semanal de traballo indicando o traballo de cada sesión para cada día. Entrega de tarefas a través da aula virtual.
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade: comunicación da proposta de traballo e entrega de tarefas a través do correo electrónico da familia.

6. AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: 29 de setembro

Tipo de proba (descrición): proba escrita con exercicios gramaticais, comprensión lectora y proba de lectura.

Mecanismo para informar ás familias: reunión coa titora (telefónica)

Consecuencias dos resultados das probas: plan de reforzo individual /reforzo do grupo

- AVALIACIÓN CONTINUA

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.)

Cada unidade proporase unha proba de avaliación, e entrega de traballos /exposición puntuais.

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...)

Dado o carácter globalizado das unidades, nas que están presentes todos os bloques da materia, a calificación de cada avaliación será a media aritmética de todas as probas e traballos, tanto orais coma escritos.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información

A implicación d@ alumn@, o seu esforzo, o recoñecemento das dificultades individuais, a súa capacidade para transmitir e poñer en práctica os coñecementos adquiridos, a orde e sistemática nas tarefas.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

Media de todas as calificacións obtidas nas diferentes probas e traballos.

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PERFIL DE ÁREA)	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	Peso (percentaxe)	• COMPETENCIAS CLAVE
	1ª	2ª	3ª				
• BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL FALAR E ESCOITAR 20%							
LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade.	1º, 2º e 3º			Escala de valoración	Expresa ideas e opinións con frases curtas correctamente construídas.	3%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.	1º, 2º e 3º			Escala de valoración	Espera a súa quenda para intervir.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes.	1º, 2º e 3º			Escala de valoración	Acompaña as súas expresións con algún xesto.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.	1º, 2º e 3º			Escala de valoración	Pronuncia axeitadamente os fonemas.	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: <ul style="list-style-type: none"> - Diálogos Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, 	1º, 2º e 3º			Escala de valoración	Fai aportacións orais aínda que sexan breves.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSC • CSIEE

cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.					
LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Aproxima o significado dalgunha palabra polo contexto.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Utiliza un vocabulario básico pero correctamente en relación ao contexto.	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas....	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Responde algunhas preguntas sobre o contido de textos orais.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Responde algunhas preguntas sobre o contido dun texto.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Comprende instrucións básicas para realizar unha actividade.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Manexa medios audiovisuais coa axuda da mestra.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
LCB1.6.2. Transforma en noticias sinxelas feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Conta unha anécdota con coherencia.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC

LCB1.6.3. Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Recoñece o tema principal dun texto.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSC
LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Reproduce de memoria pequenas rimas e estrofas.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC
LCB1.7.2. Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitorios.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Interpreta con certa dramatización unha personaxe.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CCEC
LCB1.8.1. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Expón pequenos textos estruturados en frases curtas.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Expón pequenos textos coherentes, aínda que abunden as repeticións.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE
LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Formula preguntas sobre os textos escoitados.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC • CSIEE
BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER 25%					
LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Lectura fluída en relación a media para a súa idade.	5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL

LCB2.1.2. Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Responde a preguntas sobre o contido da lectura.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.	1º, 2º e 3º	Proba escrita	Extrae o tema central e dúas ideas principais.	5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB2.2.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	1º, 2º e 3º	Proba escrita	Distingue textos literarios de non literarios.	2%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB2.2.3. Elabora glosarios coas novas palabras.	1º, 2º e 3º	Traballo	Elabora un pequeno glosario coas palabras novas.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB2.3.1. Identifica as palabras clave dun texto.	1º, 2º e 3º	Proba escrita	Recoñece palabras relacionadas co tema do texto, de xeito guiado.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB2.3.2. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Activa os coñecementos previos con axuda.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB2.3.3. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Aproxima o tema dun texto baseándose no título e as ilustracións.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB2.3.4. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Explica a relación entre a imaxe e o texto.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA

LCB2.3.5. Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Fai buscas no dicionario con axuda.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB2.4.1. Dedicamos momentos de lecer para a lectura voluntaria.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Realiza algunha lectura voluntaria.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LCB2.4.2. Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Selecciona lecturas de acordo aos seus gustos.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LCB2.4.3. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título.	1º, 2º e 3º	Proba escrita	Escrebe un breve argumento dun texto.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA
LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Realiza buscas na biblioteca e no ordenador.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Conserva en bo estado os libros.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
LCB2.7.1. Diferencia, con axuda, entre información e publicidade.	1º, 2º e 3º	Proba escrita	Diferencia entre información e anuncios publicitarios con axuda.	1%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
LCB2.7.2. Formula hipótese, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade.	1º, 2º e 3º	Proba escrita	Formula hipóteses sobre un texto con axuda	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC

LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.	1º, 2º e 3º	Escala de valoración	Busca información en internet de xeito guiado.	0,5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR 25%					
LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....	1º, 2º e 3º	Traballo	Escribe pequenos textos en diferentes soportes.	5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.	1º, 2º e 3º	Proba escrita	Respecta nas súas producións as normas básicas de ortografía.	5%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
LCB3.1.3. Reproduce textos ditados sinxelos.	1º, 2º e 3º	Proba escrita	Escribe textos ditados cun máximo de 5 faltas.	3%	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
